

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para o seu debate en Pleno**, relativa a medidas de actuación a prol do traslado de ENCE e de cumprimento e execución de instrumentos de ordenación e de sentenzas xudiciais.

Dirixentes do Partido Popular realizaron en pasadas datas manifestacións nas que avogaron pola permanencia de ENCE na Ría de Pontevedra máis alá do ano 2018.

Isto só vén a confirmar o que xa era un segredo a voces, e é que o Partido Popular sempre defendeu dita permanencia, a pesar de que noutros momentos se pronunciaba en sentido contrario.

Os feitos, Lei de Costas, regulamento de Costas ou prórroga da Autorización Ambiental, demostraban que en realidade, estaban a traballar para o contrario do que dicían.

Pero a realidade é que hai diversas sentenzas xudiciais que é deber dos gobernos executar e que, polo momento, se están a retrasar:

PRIMEIRO.- O pasado mes de maio de 2014 o TSXG desestimou os recursos presentados polas entidades ENCE (sentenza de 12 de xuño) e ELNOSA (sentenza de 29 de maio) contra do Plan de Ordenación do Litoral (Decreto 20/2011, de 10 de febreiro) e as Directrices de Ordenación do Territorio (Decreto 19/2011, de 10 de febreiro).

A Disposición Adicional 3ª. do POL, cuestionada por ENCE e ELNOSA no seu recurso, determina o seguinte : *“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.*

*Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:*

*1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.*

*2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluírá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.*

*3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.*

*4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.*

*O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.*

*Ao mesmo tempo, o apartado 6.6 de determinacións orientativas das DOT sinala que “O planeamento municipal dos concellos costeiros terá en conta a renovación da fachada litoral con criterios de calidade e integración co contorno. Neste contorno evítase, na medida do posible e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturais*

*xeradores de impacto ou que non teñan a necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade”*

En consecuencia :

1.- Se ben nin o POL nin as DOT impiden a continuidade actual de ENCE na actual ubicación e situación xurídica, si imposibilita a súa continuidade mais aló do horizonte do 2018, unha vez producida a caducidade da actual concesión.

2- Os actuais terreos deben ser ordenados mediante un instrumento de ordenación territorial ou urbanístico (instrumento que ata o momento nin a Xunta nin o Concello de Pontevedra teñen promovido). Instrumento que, obviamente, ten por obxecto ordenar os terreos previamente desocupados por ENCE tras o seu traslado. A redacción de tal instrumento é un mandato legal do POL e obriga imperativa para as administracións afectadas.

3.- Os terreos, aos efectos do POL, inclúense dentro dun ámbito de recualificación nun Área de Mellora Ambiental e Paisaxística (se ben as “áreas recuperables” desde o punto de vista ecolóxico deberán incluírse na área de protección costeira, moito mais restritiva en canto aos usos admisibles).

SEGUNDO.- A STS de 11 de xullo de 2014 confirma a previa sentenza da Audiencia Nacional de 19 de maio de 2011 pola que se condena á Administración xeral do Estado á *incoación do expediente de caducidade da concesión e á adopción de todas as medidas legalmente contempladas para a paralización das actividades e suspensión do uso e explotación das instalacións...*”. En consecuencia, o fallo obriga á Administración Xeral do Estado á incoación de expediente de caducidade da concesión (de ENCE) así como á paralización das actividades e usos non amparados por concesión (e que a propia sentenza identifica nos seus fundamentos de dereito : EDAR, emisario, etc).

En consecuencia co anterior, procede instar da Administración Xeral do Estado ao cumprimento e execución da sentenza da AN (confirmada por STS) así como ao Concello de Pontevedra (respecto das súas competencias urbanísticas en relación coas actividades sen licenza e/ou título concesional).

TERCEIRO.- A sociedade ENCE ten solicitado prórroga da concesión ao abeiro do art. 2 da Lei 2/2013, sen que ata o momento conste a emisión do informe determinante da Xunta que prevé o apartado 4 de dito artigo. A Xunta ten xustificado dita non emisión en base á non aprobación do regulamento de desenvolvemento da lei de costas, e en base ao principio de seguridade xurídica. A Administración Xeral do Estado ten resolto no mesmo sentido.

Con independencia de que a actuación da Xunta (e do Estado) o que introduce é unha notable inseguridade xurídica da que resulta beneficiada a propia solicitante da prórroga concesional ENCE, a realidade é que ao abeiro do POL e das DOT o informe determinante da Xunta non pode ser outro que negativo respecto da solicitude de prórroga, dado que tanto o POL como as DOT son claramente contrarios á continuidade de ENCE na actual localización. E o contido de dito informe, en canto necesariamente vencellado ao que sinalan como determinantes tanto o POL como as DOT, é independente do que poida precisar un Regulamento que en canto tal non pode contradicir o disposto na lei de costas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten feito o Goberno galego algunha xestión para garantir a execución das sentenzas xudiciais ditadas ao respecto da permanencia da planta de ENCE na Ría de Pontevedra máis aló do ano 2018?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Deputado do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 30/03/2015 13:56:35**